

(I)

EU RECORDO A MIÑA CARA
ESPREITANDO UN LUGAR DE TIGRES
NO TEU CORPO

BUSCANDO NA EPIDERME
O BURACO MÁIS PROFUNDO

A DOR MÁIS GRANDE

O LUGAR EXACTO
POR ONDE CAE O SOL

COMA UN NENO GORDO
CHEO DE TICS NERVIOSOS

diminuto

(II)

ESTAMOS AQUÍ
DE COSTAS Á LÚA
CON TODO A PEL MOLLADA
E OS BRAZOS ATEIGADOS DE FEBRE

(O AMOR É PARA NÓS
UN CRUCE DE DORES E VACÍOS)

POLA FIESTRA ENTRAN OS MORCEGOS
E AS OUTRAS GAIVOTAS XA SE FORON
HAI
ALOMENOS
TRES MINUTOS

COA PEL MOLLADA
E A CARA TRISTE

SOMOS UN LUGAR

UN LUGAR DE CETÁCEOS.

(III)

SOMOS COMO UN LUGAR DE CETÁCEOS
E TRES DÍAS Á SEMANA
VOMITAMOS O AMOR
DE BOCA A BOCA

LOGO ABRIMOS OS ARMARIOS
ONDE ESTÁN OS PINCEIS
AS FOTOGRAFÍAS
E AS CINTAS DE VÍDEO
COAS NOSAS POSTURAS MÁIS ÍNTIMAS.

TI NUNCA LEVAS BRAGAS
E SEMPRE FAS O MESMO CADRO
AZUL
AZUL COBALTO

EU QUEDO A MIRARTE LENTAMENTE
NON SEI
COMO SE ALGO DE TODO ISTO
ME RECORDARA A TI..

(IV)

Hoxe amarreiche os brazos ás pernas e chantei un acivro na túa boca. Despois tracei tres círculos ó redor do teu corpo, e collín unha polea.

Agora estás aí
no alto
completamente espida
e eu durmo docemente
sobre as baldosas frías

ESPERO QUE FLOREZA
ESTOU SEGURO.